

Ola chámome Abde e vivo en Lugo .

Eu vivo en Lugo como xa comentei , pero nacín en Marrocos .É un país que conta cunha bela cultura , e vouvos falar do darija.

O darija é o variante dialectal do árabe ,e fálase no día cotiá .

O darija no só é un medio de comunicación ,senón un tesouro da identidade marroquí , ademais de que provén do árabe clásico, do bérber, do francés e do español . Esta mestura fai que sexa máis distintiva e resalte sobre as demais lingua .

Deixando dun lado o darija , en Marrocos hai moito que ver e sentir .Como por exemplo as montañas do Atlas .

As montañas do Atlas non só son elevacións de terra e rocha, son escenarios de mitos clásicos marroquís , e o fogar de espíritos ancestrais. Ademais disto nestas montañas vivían os leóns do Atlas , eran os leóns mais grandes de África, pero por desgraza actualmente están extintos en liberdade